

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 2 de decembro de 2008

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Francisco Xabier Alonso Pérez
D. Xulio Calviño Rodríguez
D. Carlos López Font
D^a M^a Xosé Méndez Piñeiro
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

NON ASISTEN:

D. Santiago Domínguez Olveira
D^a Elena Maure Noia
D. José Manuel Mariño Mendoza

Invitados:

D^a Raquel Díaz Vázquez
D. Angel Rivas González
D. Xesús López Carreira

D^a María Jesús Lago Rey
D^a Laura López Atrio
D^a Iolanda Veloso Ríos

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dezaoto minutos do día dous de decembro de dous mil oito e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. Blanco Serrano.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1828).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 17 de novembro de 2008. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

2(1829).- DAR CONTA DAS SENTENZAS E AUTOS REMITIDOS POR ASESORÍA XURÍDICA:

a) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A P. A. nº 83/08. Demandante: D^a Isabel Posada González. Obxecto: Sanción de Tráfico. Expte.: 068546733. Desestimado o recurso.

- b) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A P. A. nº 168/08. Demandante: D. Juan Carlos Saavedra López. Obxecto: Sanción Tráfico. Expte.: 786452320. Estimado parcialmente o recurso.
- c) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A P. A. nº 167/08. Demandante: D. Juan Carlos Saavedra López. Obxecto: Sanción de Tráfico. Expte.: 078642319. Estimado parcialmente o recurso.
- d) Sentenza do TSXG no rec. Apelación nº 4291/06 interposto por Asociación Propietarios Veciños Carballa contra sentenza desestimatoria do X. Contencioso Administrativo nº 1 de Vigo en relación coa rectificación do Inventario Municipal de Bens e Dereitos, sobre un tramo(ramais) do Camiño da Carballa. Expte. 13930/240. Desestimada a apelación.
- e) Sentenza do TSXG no rec. Apelación nº 15095/08 interposto pola Xunta de Galicia contra sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo sobre anulacións de liquidacións do IBI, 2003, ref. Catastral 7537503NG2773N0003AW. Estimada a apelación.
- f) Auto do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A P.O. Nº 120/07. Demandante: UR-BASER, S.A. Obxecto: Inactividade por NON pagamento de xuros en contrato de recollida de RSU. Inadmisibile o recurso por extemporaneidade.
- g) Sentenza do TSXG no rec. Apelación nº 15092/08 interposto polo Concello de Vigo contra sentenza estimatoria do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo sobre compensación de débedas tributarias pola Autoridade Portuaria. Estimado parcialmente.
- h) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A p. o. nº 205/2005. Demandante: D. Juan José Fernández Reboredo. Obxecto: Desestimación presunta de reclamación patrimonial. Expte.: 321/243 (Desestimatoria) e Sentenza do TSXG no rec. Apelación nº 4054/2007 interposto polo mesmo demandante. Desestimada a apelación.
- i) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no proc. Abreviado nº 186/2008 .Recorrente: DNA. ANA FONTENLA RELLÁN. Obxecto: Resolución da Concellería delegada de Área de Mobilidade de 22/4/2008, desestimatoria do recurso de reposición contra anterior resolución sobre sanción de tráfico. Expte.nº 7866642. Estimado o recurso.
- k) Sentenza do X. Contencioso Administrativo nº 1 de Vigo no proc. Abreviado nº 346/2007. Demandante: D. Santiago Pereira Mora. Obxecto: Reclamación de liberación de encomenda de funcións e solicitude de mantemento no seu posto de “Xefe de Servicios Electromecánicos”, así coma , por ampliación de recurso, ao Acordo da XGL de 21/1/2008, sobre modificación puntual da vixente relación de postos de traballo (R.P.T.). Desestimado.
- l) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A p. a. nº 239/2008. Demandante: D. Marcos José Conde González. Obxecto: Desestimación presunta de reclamación patrimonial. Inadmisibile o recurso.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido das anteditas sentenzas e autos.

3(1830).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS POLO DEPARTAMENTO DE BENESTAR SOCIAL DURANTE OS MESES DE SETEMBRO E OUTUBRO DE 2008. EXPTE. 37789/301.

Cumprindo coas instrucións da base 31 das de execución do presuposto en vigor, a concelleira-delegada da Área de Benestar Social, dá conta á Xunta de Goberno local, dos expedientes de gasto menor tramitados polo departamento de Benestar Social durante os meses de setembro e outubro de 2008, que son os seguintes:

DATA	CONCEPTO	PARTIDA	Nº OPERACIÓN	IMPORTE EUROS	TERCEIRO
02/09/08	ACONDICIONAMENTO LOCAL R/ELDUAYEN, 11	2120001	200800045925	5.382,40	MARS
08/09/08	REPARACIÓNS MOBI-LIARIO	2150000	200800046772	2.000,00	VARIOS
09/09/09	SERVIZOS POSTAIS E MENSAXERÍA	2230000	200800046964	6.000,00	VARIOS
12/09/08	PUBLICIDADE BONO-TAXI	2260200	200800047205	1.905,88	ANÓNIMO PUBLICIDADE S.L.
07/10/08	PUBLICIDADE I FORO DA INMIGRACIÓN	2260200	200800052395	9.947,56	ANÓNIMO PUBLICIDADE, S.L.
07/10/08	PUBLICIDADE NOS DIP-TICOS XORNADA EM-PREGO DOMESTIC.	2260200	200800052538	455,88	PUBLITIA, S.L.
24/09/08	ELABORACIÓN MEMO-RIA I FORO DA INMI-GRACIÓN	2270600	200800049045	5.811,99	CIDADANIA REDE DE APLIC. SOCIAIS
06/10/08	TRASLADO E INSTAL. ORDENADORES	2270600	200800052388	1.102,00	IRIS COMPUTERS, S.L.
17/10/08	CURSO DE FORMACIÓN TRABALLADORES SO-CIAIS	2270600	200800054468	1.960,00	AULA INFORMATICA DE GALICIA S.L.
17/10/08	IMPLANTACIÓN CITA PREVIA	2270600	200800054469	12.125,00	AULA INFORMATICA DE GALICIA, S.L.
20/10/08	TALLERES EDUCACIÓN PARA A SAÚDE	2270600	200800054687	9.100,00	ASOC. MADRO
24/10/08	ELABORACIÓN E IM-PRESIÓN MEMORIA IN-TERNA B. SOCIAL	2270600	200800056309	800,00	FERNANDO TOREA CONDE
08/09/08	MERCHANDISING 10ª ANIVERSARIO PLDA	2270608	200800046738	9.133,43	MARTINEZ IGLEISAS MÓNICA
22/09/08	PREV. CONSUMO DRO-GAS AGRUPACIÓNS EN-TIDADES DEPORTIVAS	2270608	20800048447	8.000,00	ALBORADA
22/10/08	ESPECTÁCULO "PISA LA RAYA"	2270608	200800055772	4.708,00	MIGUEL OLMEDA FREIRE
28/10/08	CURSO FORMACIÓN BA-SICA MEDIADORES	2270617	200800057237	12.000,00	CIDALIA, CONSULTORIA TECNICA EN DIVERSIDAD, S.L.
28/10/08	SEGUIMIENTO PRÁCTI-CAS DO CURSO DE ME-DIADORES	2270617	200800057238	3.750,00	MILAGROS USTRASGON-ZALEZ
28/10/08	ACTIVIDADES PROGRA-MA DE ACOLLIDA	2270617	200800057239	10.000,00	CIDALIA, CONSULTORIA TECNICA EN DIVERSIDAD, S.L.
28/10/08	PRACTICAS PROGRAMA ACOLLIDA	2270617	200800057241	3.750,00	MARLENE VENTIN BLAN-CO

02/10/08	ADQUISICIÓN CARPAS MONTAXE RÁPIDO	6250000	200800051341	6.637,52	MANUFACTURAS MARTIN CASAL, S.L.
15/10/08	MOBILIARIO DEPTO. B. SOCIAL	6250000	200800054236	5.210,27	MUEBLES TORRADO, S.L.
10/10/08	ADQUISICIÓN ORDENADORES	6260000	200800053523	2.637,84	TELINCO INFORMATICA, SLU

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

4(1831).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: ALTA EXPTE. 11/1533, 11/1195, 11/680, 21/1242, 3/643, 3/1202, 3/2139, 12/2113, 3/1267, 11/1875, 1/2560, 1/2116, 1/2317, 1/2354, 2/2153, 2/2362, 2/2404, 4/1631, 4/1752.

Examinadas as actuacións dos expedientes e de acordo cos informes-proposta da traballadora social responsable do Programa de SAF, conformados pola concelleira delegada da Área de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda conceder a prestación do Servizo de Axuda no Fogar ás seguintes persoas:

- D^a. Clara Otero Ameijeiras. Expte. 2317/01.
- D^a. Pilar Gómez Varela. Expte. 2116/01.
- D^a. Celsa Lago Fernández. Expte. 2354/01.
- D^a. Francisca Aguirrebeña Arriola. Expte. 2153/02.
- D^a. Josefa Abalde Barreiro. Expte. 2362/02.
- D^a. Elena Josefa Da Vila Alfaya. Expte. 2404/02.
- D^a. Aurora Pardo Fernández. Expte. 1631/04.
- D^a. María Domínguez Domínguez. Expte. 1752/04.
- D^a. Josefa Martínez Fernández. Expte. 2560/01.
- D. Ceferino Sánchez Rodríguez. Expte. 1875/11.
- D^a. M^a Carmen Alves Vilariño. Expte. 1267/03.
- D^a. Julia Blein Corral. Expte. 1231/21.
- D^a. Elsa Mabel Arbuatti de Gutierrez. Expte. 643/03.
- D. Evaristo Arias Andrés. Expte. 1292/03.
- D^a. María Arjones Sobrino. Expte. 2139/03.
- D. José Antonio Brey Silva. Expte. 12/2113.
- D^a. M^a Angeles Rivas Fontán. Expte. 11/1195.
- D^a. Argimira Pérez Deaño. Expte. 11/680.
- D^a. Luisa Cerviño Taboada. Expte. 11/1533.

5(1832).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE CENTRO DE DÍA PARA PERSOAS MAIORES: ALTA EXPTE. 22/2418, 23/2513.

Examinadas as actuacións dos expedientes e de acordo cos informes-proposta da traballadora social responsable do Programa, conformados pola concelleira delegada da Área de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda conceder a prestación do Servizo de Centro de Día para persoas maiores ás seguintes persoas:

- D. Manuel Varela Lustres. Expte. 2418/22.

– D^a. Flora Patiño Ferreira. Expte. 2513/22.

5(1833).- PROXECTO DE CONTRATO DA ACTUACIÓN MUSICAL DA ÓPERA DE PAULINA VIARDOT “LA CENICIENTA” NO TEATRO SALESIANOS. EXPTE. 11284/331.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 19.11.08, e de acordo co informe-proposta da técnica de xestión da Programación, do 10.12.08, conformado polo xefe do Departamento de Cultura e polo concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de contrato que de seguido se transcribe para a contratación, de acordo co previsto no artigo 20 da Lei 30/2007, da actuación musical da ópera de Pauline Viardot “La Cenicienta”, dentro do programa de concertos do Festival de Música de Vigo Are More 2008, os días 4 e 5 de decembro no Teatro Salesianos.

2º.- Autorizar un gasto por un importe de 22.944,80 € (IVE incluído) con cargo á partida presupostaria 4510.226.08.03 (programa de música, teatro e danza) do programa de Cultura para o vixente exercicio económico en concepto da contratación do referido espectáculo que se abonará a ALEJANDRO ARNAIZ MÉNDEZ

3º.- Que o pagamento se realice a través da conta de habilitación de Cultura de CAIXAGALICIA Nº 2091 0501 61 3110002567.

CONTRATO DE REPRESENTACIÓN DE ACTUACIÓN DA ÓPERA DE PAULINE VIADORT “LA CENICIENTA”

En Vigo, o 10 de novembro de 2008

Dunha parte D. Xesus López Carreira, concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural, en representación do CONCELLO DE VIGO, CIF P-3605700-H, con enderezo social en Vigo, Praza do Rei 1, CP 36202, que no presente contrato denominarase O CONCELLO.

Doutra parte D. Alejandro Arnaiz Méndez, NIF 36074726-P, en calidade de produtor musical, e con enderezo en As Mimosas A-12; 15895 Ames-A Coruña ; no sucesivo A AXENCIA.

Ambas partes, na representación que ostentan, recoñécense capacidade xurídica suficiente para celebrar o presente contrato que rexirá de conformidade ás seguintes

CLÁUSULAS

OBXECTO DO CONTRATO

Primeira.- O CONCELLO contrata á AXENCIA para que realice unha actuación da ópera de Pauline Viardot, no sucesivo O/A ARTISTA, os días 4 e 5 de decembro de 2008, no recinto denominado Teatro Salesianos, situada en Vigo, con unha duración mínima de 70 minutos.

A AXENCIA comprométese a non realizar ningunha outra actuación do/a ARTISTA dentro dos trinta días anteriores á data indicada nun raio de 35 quilómetros do lugar no que terá lugar a que é obxecto deste contrato.

VALIDEZ

Segunda.- A validez deste contrato será efectiva desde o momento en que se atope en poder da AXENCIA, debidamente asinado e selado en todas as súas follas, incluídas as do ANEXO por todas as partes comparecentes.

PREZO, FORMA DE PAGO E GASTOS

Terceira.- A AXENCIA percibirá unha retribución de 19.780,00 (DEZANOVE MIL SETECENTOS OITENTA) euros, máis 3.164,80 (en concepto de 16 % de IVE), o que fai un total de 22.944,80 € (VINTE E DOUS MIL NOVECENTOS CORENTA E CATRO EUROS CON OITENTA CÉNTIMOS), en concepto da realización da actuación do/a ARTISTA; este concepto tamén inclúe o seu equipo técnico e humano necesario para a realización do espectáculo, ademais dos correspondentes desprazamentos, aloxamentos e manutención.

O pagamento deste importe realizarase mediante talón nominativo a favor de ALEJANDRO ARNAIZ MÉNDEZ, que se entregará a ALEJANDRO ARNAIZ MÉNDEZ, NIF 36074726-P, momentos antes do comezo da actuación, co/a ARTISTA no recinto, tras a achega da factura correspondente conforme cos requisitos que establece o Real Decreto 2402/1985, do 18 de decembro.

O prezo pactado non será obxecto de revisión nin actualización por ningunha causa ou motivo.

Cuarta.- Serán por conta do CONCELLO todos os gastos que se xeneren como consecuencia da actuación, entre os que se inclúen a modo de exemplo os de organización, xestión, publicidade e dereitos de autor.

PERMISOS

Quinta.- O CONCELLO, como organizador, responsabilízase da obtención dos permisos que sexan necesarios para a realización do espectáculo.

AFORO E ENTRADAS

Sexta.- O recinto da actuación dispón dun aforo de 600 (SEISCENTOS) espectadores sentados. O CONCELLO porá á venda 400 (CATROCENTAS) entradas ao prezo de 3 € (TRES,) euros cada unha de adultos e 2 € por neno de até 12 anos para as funcións familiares e 1 € por neno nas campañas escolares e será beneficiario do total da recadación; tamén reservará 200 invitacións protocolarias das que entregará a AXENCIA un máximo de dez.

O CONCELLO poderá establecer as condicións de acceso do público ao concerto, que difundirá axeitadamente e que imprimirá na parte posterior da entrada ou invitación.

PROMOCIÓN E IMAXE DO/A ARTISTA

Sétima.- O CONCELLO non poderá comercializar por sí ou a través de terceiros, en ningún momento, ningunha mercadoría ou produto vinculados á actuación obxecto deste contrato que utilice a imaxe, nome ou logotipo do/a ARTISTA, sen o anterior consentimento da AXENCIA, por escrito. Asemade, O CONCELLO prove-rá dos medios necesarios para impedir, no espazo de actuación ou nos seus arredores, a venda de material relacionado co/a ARTISTA por persoas non autorizadas. O CONCELLO non permitirá a entrada no recinto da actuación de ningún tipo de cámara de vídeo ou cine, gravadoras ou calquera outro instrumento ou aparato que rexistre ou reproduza son ou imaxe. O CONCELLO advertirá ao público sobre a imposibilidade de acceder ao local con estes obxectos. A AXENCIA reservase o dereito da explotación de produtos relacionados co/a ARTISTA no lugar e data do concerto, tras comunicación por escrito ao CONCELLO.

Oitava.- A AXENCIA autoriza ao CONCELLO, mediante o presente contrato, a gravación en vídeo ou reprodución fotográfica, cun tempo máximo de tres minutos, co exclusivo fin de informar aos medios de comunicación.

Para efectuar calquera outra retransmisión radiofónica, televisiva, toma de vídeo ou por calquera outro medio de gravación, será obrigatorio obter autorización da AXENCIA.

Novena.- A AXENCIA fixará os contactos promocionais oportunos, consistentes en citas e en entrevistas cos medios de comunicación e demais persoas vinculadas ao espectáculo, polo que disporá dos pases necesarios ao lugar da actuación a fin de atender os seus compromisos.

PUBLICIDADE

Décima.- O CONCELLO, desde a sinatura do presente contrato, comprométese a realizar unha campaña de publicidade axeitada á actuación contratada. A AXENCIA porá á disposición do CONCELLO os elementos publicitarios que se detallan no ANEXO.

No caso de que a AXENCIA queira situar publicidade sobre o escenario e/ou outros espazos do recinto do concerto, así como pezas publicitarias realizadas en calquera soporte, terán que contar con autorización expresa do CONCELLO. Neste apartado inclúense as mensaxes publicitarias sonoras e/ou audiovisuais.

PATROCINIOS

Décimo primeira.- O CONCELLO poderá contar coa colaboración de institucións públicas ou empresas privadas no seu programa xeral de actividades, o que implica que se reserva o dereito de poder exhibir publicidade ou anagramas dos seus colaboradores na publicidade xeral da súa programación, así como no recinto de actuación e nos seus aledaños, agás no escenario e nas estruturas de son, co obxecto de evitar a asociación da imaxe do/a ARTISTA cos colaboradores do CONCELLO.

O CONCELLO resérvase ademais o dereito de acordar o patrocinio desta actuación con calquera marca ou firma comercial, tras a comunicación á AXENCIA por escrito, cunha antelación mínima de cinco días á data do concerto.

Décimo segunda.- Se o concerto ou xira do ARTISTA dispón dalgún patrocinador, A AXENCIA, cunha antelación mínima de días respecto á data do concerto, comunicará esta situación ao CONCELLO, quen poderá cancelar o contrato se existise algunha incompatibilidade cos seus propios patrocinadores. Neste caso O CONCELLO comunicará esta circunstancia á AXENCIA nun prazo de días, sen que corresponda indemnización algunha á AXENCIA.

SEGURIDADE DO ESPECTÁCULO

Décimo terceira.- O CONCELLO responsabilízase da seguridade xeral do espectáculo, polo que serán da súa conta a contratación dos medios mínimos definidos neste contrato ou no seu anexo, ademais do que se derive do Regulamento Xeral de Policía de Espectáculos e Actividades Recreativas e demais lexislación aplicable; sen perxuízo da responsabilidade que corresponda ao propietario do local do concerto e á AXENCIA ou á/a ARTISTA.

Décimo cuarta.- O CONCELLO será responsable de impedir que se introduzan no local da actuación botellas, latas ou outros obxectos que puidesen resultar perigosos para a integridade física das persoas ou que poidan causar danos materiais aos elementos que formen parte do espectáculo. Se se vendesen bebidas dentro do lugar da actuación deberán ser servidas unicamente en vasos de plástico.

Décimo quinta.- O CONCELLO asume a obriga de garantir que en ningún caso o público teña acceso ao escenario, estruturas e equipos de son e luces, zona traseira do escenario ("backstage") e en xeral aquelas zonas que se definan como perigosas para as persoas ou para o bo desenvolvemento do espectáculo.

Décimo sexta.- O CONCELLO responderá da perda ou deterioro de todos os obxectos que O/A ARTISTA instale no recinto da actuación, tanto dos instrumentos e materiais de escenario, como dos efectos personais de ca-

merino, sempre que A AXENCIA lle declare detalladamente ese material por escrito ao CONCELLO á súa chegada ao recinto de actuación, que deberá ser conformada polo persoal técnico do CONCELLO, previa a súa comprobación. En caso contrario O CONCELLO eximirase de claquera responsabilidade.

INSTALACIÓNS

Décimo sétima.- O CONCELLO porá a disposición da AXENCIA o recinto do concerto desde as 9 horas do día da actuación até dúas horas despois do final da actuación.

Décimo oitava.- As instalacións, dependencias, persoal e servizos do lugar de actuación estarán en perfecto estado de disponibilidad, segundo as obrigas e condicións definidas que asumirá O CONCELLO.

SUSPENSIÓN DA ACTUACIÓN

Décimo novena.- Se por calquera causa grave ou de forza maior allea á AXENCIA debidamente xustificada, que impida á AXENCIA a realización do espectáculo, entendéndose como causa grave ou de forza maior, entre outras, perigo inminente, condicións climatolóxicas adversas (choiva, neve...), A AXENCIA percibirá a totalidade das súas retribucións. A decisión sobre a suspensión da actuación será tomada conxuntamente entre os representantes da AXENCIA e do CONCELLO, mediante a sinatura dun acta de conformidade.

Vixésima.- Se desde a sinatura do presente documento, o CONCELLO decidira suspender a actuación unilateralmente, A AXENCIA percibirá a totalidade das súas retribucións.

Vixésimo primeira.- Só no caso de enfermidade ou forza maior xustificada do/a ARTISTA ou dalgún compoñente do seu equipo que lle impida cumprir os compromisos adquiridos mediante o presente documento, poderá a AXENCIA rescindir o mesmo, sen ningún dereito a indemnización por parte do CONCELLO; neste caso, A AXENCIA non percibirá cantidade algunha do pactado no presente contrato. Por este motivo, A AXENCIA comprométese a suscribir un seguro que, en caso de incomparecencia do artista, cubra os gastos de produción.

Vixésimo segunda.- No caso de suspensión do espectáculo, e se fora posible, fixarase de común acordo coa AXENCIA, data para unha nova actuación, que deberá levarse a cabo no prazo máximo de 30 días naturais a contar desde a data da suspensión.

A nova actuación deberá levarse a cabo nas mesmas condicións que as establecidas no presente contrato, se ben, o aspecto económico do mesmo será motivo de negociación en función da data de celebración.

RESOLUCIÓN DO CONTRATO

Vixésimo terceira.- O contrato pódese resolver por calquera das partes por causa de incumprimento grave da outra parte das obrigas derivadas do mesmo. Neste suposto, a parte cumpridora estará facultada para dar por resolto o contrato, unha vez feita a notificación por escrito correspondente e pasados quince días desta notificación.

Vixésimo cuarta.- O CONCELLO non asume respecto ao ARTISTA ou á AXENCIA ningunha outra obriga ou compromiso que non estea indicado expresamente neste contrato e nos seus anexos.

SUBMISIÓN

Vixésimo quinta.- As partes contratantes sométense aos tribunais da xurisdición que corresponda á cidade onde se realiza o concerto, con expresa renuncia de calquera outro foro de xurisdición que puidese corresponderlles, para resolver cantas cuestións puidesen derivarse con motivo da interpretación ou cumprimento do presente contrato.

E en proba de conformidade, asinan as partes este documento por triplicado para un só efecto, no lugar e data indicados.

ANEXO

1. INSTALACIÓNS E EQUIPAMENTOS

1.1. ESCENARIO

A AXENCIA coñece e acepta as condicións de escenario existentes no recinto de actuación.

1.2. SON E ILUMINACIÓN

A AXENCIA instalará para a actuación do/a ARTISTA os seus propios elementos de escenario e equipos de son e iluminación.

1.3. BACKLINE

Será por conta da AXENCIA calquera elemento de “backline” necesario para a realización do concerto.

1.4. RECINTO E INSTALACIÓNS

O CONCELLO e a AXENCIA coñecen e aceptan as características xerais do local e as súas instalacións e considéranas axustadas ás necesidades do concerto.

2. ÁREAS RESERVADAS OU DE ACCESO RESTRINXIDO

- Camerinos
- Saída ao escenario (entre caixas)
- Pasillos entre camerinos e escenario

3. ACOMETIDAS ELÉCTRICAS

Non se precisan

4. CAMERINOS

O CONCELLO proveerá ao ARTISTA de camerinos con capacidade suficiente de uso exclusivo, aillados do público, próximos ao escenario e con acceso directo ao mesmo.

Os camerinos estarán limpos e debidamente acondicionados, provistos dos seguintes elementos: servizos sanitarios e ducha, luz eléctrica, auga corrente, enchufes a 220 voltios, cadeiras, mesas, espellos, toallas, xabón, papel hixiénico e pechadura con chave.

Ninguén alleo á AXENCIA ou ao ARTISTA, sen a súa autorización, accederá aos camerinos, que estarán dispoñibles e vixilados desde o inicio das montaxes até o final das desmontaxes. O CONCELLO facilitará á AXENCIA ou ao ARTISTA o acceso inmediato aos camerinos cando estos llo requieran.

5. CATERING

O CONCELLO deberá suministrar no camerino do ARTISTA cunha antelación de UNHA HORA respecto á hora do comezo do concerto o seguinte catering: auga mineral, cafés e/ou infusións, frutos secos e sandwiches variados.

Tamén O CONCELLO proveerá de auga mineral aos técnicos antes (montaxes), curante e despois (desmontaxes) do concerto.

6. VEHÍCULOS

O CONCELLO xestionará que os vehículos que transporten o equipo do ARTISTA teñan acceso directo ao escenario ou ás portas do local da actuación; en caso contrario, O CONCELLO proveerá ao seu cargo os medios necesarios para desprazar alí os equipos.

O CONCELLO xestionará ou habilitará un espazo para circulación ou aparcadoiro de DOUS vehículos do ARTISTA e da AXENCIA que participen na realización do concerto, para o que A AXENCIA deberá facilitarlle ao CONCELLO, cunha antelación mínima de 15 días naturais respecto á data do concertos, os datos necesarios dos vehículos.

7. MERCHANDISING

O CONCELLO facilitaralle, se é o caso, á AXENCIA un espazo e mesa para o “merchandising” do ARTISTA, e unha persoa para a súa atención e venda.

8. PERSOAL DE PRODUCCIÓN

8.1. RESPONSABLE DE PRODUCCIÓN

O CONCELLO designará a unha persoa como único interlocutor válido ante A AXENCIA para as cuestións de produción e organización relacionadas co concerto. A AXENCIA coñecerá de antemán a identidade do responsable da produción, que estará presente no lugar do concerto á hora que se acorde para iniciar as montaxes. Durante o tempo de vixencia do contrato, o responsable da produción estará permanentemente localizable.

8.2. ELECTRICISTA

O CONCELLO porá a disposición da AXENCIA un electricista cualificado e coñecedor da instalación do lugar do concerto, que terá que estar presente á chegada dos equipos do ARTISTA, durante as probas de son ou ensaios técnicos e durante o concerto. O resto do tempo no que estea vixente o contrato, estará permanentemente localizable.

8.3. MANTEMENTO

O CONCELLO ocuparase do mantemento das instalacións do local do concerto, polo que disporá ao seu cargo do persoal e materiais axeitados.

8.4. OUTRO PERSOAL

Será a cargo do CONCELLO calquer outro persoal necesario para a organización do concerto, como por exemplo taquilleiros, porteiros, acomodadores, etc.

9. VIXILANCIA E SEGURIDADE

O CONCELLO disporá dun equipo humano para realizar o servizo de vixilancia e seguridade que estará formado por persoal civil e especializado, e que deberá impedir a proximidade de persoas ao escenario, camerinos, "backstage", equipos de son e luces, etc., de forma efectiva pero absolutamente respetuosa coas persoas. Este servizo cumprirá as obrigas de seguridade que se atribúen ao CONCELLO neste contrato.

O servizo de vixilancia e seguridade estará disponible desde 30 minutos antes do concerto até o final do mesmo. O persoal de seguridade atenderá:

- Zona de camerinos e pasillos
- Acceso ao escenario e backstage
- Equipos de son e de iluminación

As indicacións dos responsables de produción designados polo CONCELLO, co obxecto de contribuir ao bo desenvolvemento da actuación e dar cobertura ás obrigas adquiridas polo CONCELLO ante a AXENCIA e o ARTISTA, en canto á vixilancia e seguridade.

Até o momento de apertura de portas ao público, ao lugar do concerto só poderá acceder o persoal relacionado coa AXENCIA, O ARTISTA e o persoal de organización do CONCELLO. Todo o persoal relacionado co concerto deberá levar en lugar visible unha acreditación.

Dende 15 minutos antes do momento de apertura de portas ao público, O CONCELLO montará un dispositivo de seguridade integrado por persoas indentificables con acreditacións visibles.

O CONCELLO comunicará á AXENCIA a identidade da persoa que dirixirá o servizo de vixilancia e seguridade, que estará permanentemente localizable durante a vixencia do contrato e no lugar do concerto desde o momento de inicio da montaxe do dispositivo de seguridade, que funcionará antes da apertura de portas ao público.

10. ACTUACIÓN E ENSAIO

10.1. DISPONIBILIDADE DE ESCENARIO E ACOMETIDAS ELÉCTRICAS

Durante a xornada completa do día do concerto.

10.2. ENSAIO TÉCNICO

O ARTISTA precisa realizar un ensaio técnico no lugar do concerto, que terá unha duración de DÚAS horas aproximadamente, e que se realizará o día da actuación no horario que se acorde. Durante estes ensaios técnicos non poderá haber persoas alleas á organización do concerto.

10.3. HORARIOS (ACTUACIÓN E PORTAS)

O concerto comezará con estricte puntualidade á hora fixada neste contrato, que será a anunciada ao público. A apertura de portas ao público producirase media hora antes da actuación. Nese mo-

mento entrará en funcionamento a totalidade do dispositivo de seguridade e terán que estar finalizados todos os ensaios técnicos.

11. PUBLICIDADE

A AXENCIA porá a disposición do CONCELLO, coa suficiente antelación, o material básico para a promoción do concerto: un dossier artístico (currículo dos artistas, músicos, programa completo...), fotografías de calidade en CD, fragmentos musicais en CD para medios radiofónicos...

12. PROGRAMA

O programa a interpretar será o que figura como anexo II do presente contrato; calquera modificación deberá ser comunicada pola AXENCIA por escrito e deberá contar, no seu caso, coa conformidade da dirección artística do festival.

Ambas partes contratantes comprométense a cumprir todos os compromisos integrados neste contrato e anexo de condicións técnicas do espectáculo; así como a acordar outras estipulacións que contribúan á perfecta realización da actuación.

E en proba de conformidade, asinan as partes este documento por triplicado e a un só efecto, no lugar e data indicados.

6(1834).- AMPLIACIÓN DO PRAZO DE XUSTIFICACION DAS SUBVENCIÓN DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES DEPORTIVAS DE VIGO POLA ORGANIZACIÓN DE EVENTOS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS DURANTE O ANO 2008. EXPTE. 7688/333.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do director deportivo do IMD, do 25.11.08, conformado polo concelleiro-delegado de Deportes, que di o seguinte:

Con data 13/03/2008 a Xunta de Goberno Local adoptou o acordo de aprobar a CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES DEPORTIVAS DE VIGO PARA A ORGANIZACIÓN DE EVENTOS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS PARA O ANO 2008 (EXPTE 7688-333), autorizando un crédito de 130.000,00 €, con cargo á partida 4521.489.00.01 "Subvencións eventos deportivos", crédito ampliado na sesión da Xunta de Goberno Local do 04/08/2008 ata os 250.000,00€.

As bases reguladoras da Convocatoria específica para a concesión de subvencións a entidades deportivas pola organización de eventos e actividades deportivas no ano 2008, establece no artigo 10.8 que a presentación da xustificación da subvención non poderá o prazo de 60 días hábiles seguintes á finalización do evento e en calquera caso sempre antes do 12 de decembro de 2008. Neste mesmo artigo 10.8 das bases establécese a posibilidade de ampliar a prazo de destas xustificacións se ocorreran excepcións debidamente acreditadas. Neste caso, a celebración de varios eventos entre o 12 e o 31 de decembro, fai necesaria a ampliación do prazo inicialmente previsto para a xustificación das subvencións ata o día 15 de xaneiro de 2009, permitindo desta forma unha axeitada tramitación da documentación. Esta ampliación do prazo para a presentación da xustificación non merma os obxectivos ou a misión da convocatoria.

Por iso, procede ao abeiro do disposto no artigo 10.8 das bases reguladoras desta convocatoria específica para a concesión de subvencións a entidades deportivas pola organización de eventos e actividades deportivas no ano 2008, propor á Xunta de Goberno Local a ampliación do prazo inicialmente autorizado pola Xunta de Goberno Local no acordo do pasado 13 de marzo de 2008.

Por todo o exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte ACORDO

1.- Autorizar a ampliación do prazo inicialmente previsto para a xustificación das subvencións acadadas polas entidades en base á CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES DEPORTIVAS DE VIGO PARA A ORGANIZACIÓN DE EVENTOS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS

PARA O ANO 2008, ata o 15 de xaneiro de 2009, coa finalidade de atender á tramitación da documentación da totalidade dos eventos celebrados no ano 2008.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(1835).- SOLICITUDE DA ASOCIACIÓN DEPORTIVA RP3 PARA A ORGANIZACIÓN DA III SUBIDA Ó CASTRO O DÍA 13 DE DECEMBRO DE 2008. EXPTE. 8233/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director técnico do IMD, do 21.11.08, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar, a Asociación Deportiva RP3, a organizar o vindeiro sábado 13 de decembro de 2008, a III SUBIDA O CASTRO, a partir das 12.00 horas, dende a rúa Canovas del Castillo e atravesando as rúas, Praza do Berbés, Teófilo Llorente, Escalinatas Mercado da Pedra, Praza da Pedra, Praza de Almeida, Cesteiros, Praza da Constiución, Porta do Sol, Escalinatas Edificio Simeón, Paseo de Granda, Praza do Rei, Avda. Das Camelias, Paseo dos Cedros, Paseo de Rosalía de Castro, rematando no Castelo do Castro donde se atopa a meta.

8(1836).- SOLICITUDE DA AGRUPACIÓN VIGUESA DE ATLETISMO PARA A ORGANIZACIÓN DO VII MEMORIAL ANDRÉS ABANQUEIRO O DÍA 14 DE DECEMBRO DE 2008. EXPTE. 8213/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director técnico do IMD, do 21.11.08, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar, a Agrupación Viguesa de Atletismo, a organizar o vindeiro domingo 14 de decembro de 2008, o cross escolar “VIII Memorial Andrés Abanqueiro”, entre as 09.00 horas e as 14.00 horas no Parque de Castrelos.

9(1837).- SOLICITUDE DA DELEGACIÓN DA FEDERACIÓN GALEGA DE ATLETISMO PARA A ORGANIZACIÓN DA XLVII CARREIRA DO PAGO O DÍA 21 DE DECEMBRO DE 2008. EXPTE 8209/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director técnico do IMD, do 24.11.08, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar, a Delegación da Federación Galega de Atletismo en Vigo, a organizar o vindeiro domingo 21 de decembro de 2008, a XLVII Carreira do Pavo, que terá a saída ás 10.30 horas dende a Praza de Compostela, atravesando distintas rúas do centro da cidade e remantand de novo na Praza de Compostela.

10(1838).- SOLICITUDE DO CLUB DE ATLETISMO VIGO PARA A ORGANIZACIÓN DA 4ª CARREIRA POPULAR SAN SILVESTRE VIGUESA O DÍA 31 DE DECEMBRO DE 2008. EXPTE. 8234/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director técnico do IMD, do 19.11.08, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar, ao Club de Atletismo Vigo, a organizar o vindeiro 31 de decembro de 2008, a “4ª Carreira Popular San Silvestre Viguesa”, a partir das 17.00 horas tendo a saída do Parque de Castrelos e o percorrido que terá lugar no devandito parque.

11(1839).- ACEPTACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA POLA XUNTA DE GALICIA PARA A EXECUCIÓN DO SERVIZO PIEG “EXCLUSIÓN SOCIAL”. EXPTE. 5502/77.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Promoción Económica e Emprego, do 24.11.08, conformado polo concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, que di o seguinte:

A concellería de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, ao abeiro da Orde de 5 de xuño de 2008 pola que se amplian os crédito e os prazos para a presentación de solicitudes de determinados programas de políticas activas de emprego que se financiarán e se executarán con cargo ao orzamento do ano 2008, ao abeiro do I Plan integral de emprego de Galicia, amplía os créditos previstos entre outros na Orde do 19 de decembro de 2007 da Consellaría de Traballo regula a convocatoria dos Programas de Cooperación para o ano 2008, pola que se subvenciona a contratación, por parte das entidades locais, de persoal traballador des-empregado con especiais dificultades de inserción, para a realización de obras ou servizos de interese xeral e social. Así, a través deste programa, a Xunta de Galicia subvenciona os custos salariais totais, segundo o convenio de aplicación, excepto a indemnización por cese, que sería a única cantidade que, en concepto de retribución ás persoas participantes, o Concello de Vigo debería cofinanciar en caso de resolución favorable aprobatoria de subvención.

Con data 12 de novembro de 2008 o Delegado Provincial da Consellería de Traballo, asinou Resolución pola que se concede unha axuda por importe de 271.024,49 €, concedida para a execución do servizo denominado “PIEG – Exclusión Social (Adecantamiento e reparación de infraestruturas do rural).

Polo anteriormente exposto PROPOÑO a Xunta de Goberno Local a adopción do do seguinte acordo:

- 1. Aceptar a subvención concedida por importe de 271.024,49 € para execución do servizo denominado “PIEG – Exclusión Social (Adecantamiento e reparación de infraestruturas do rural), aprobado por Resolucións de data 12 de novembro de 2008 o Delegado Provincial da Consellería de Traballo da Xunta de Galicia.*
- 2. Encomendar ao servizo de Promoción Económica e Emprego á xestión da obra e servizo obxecto da axuda, conforme ao establecido na Orde de 5 de xuño de 2008 pola que se amplian os crédito e os prazos para a presentación de solicitudes de determinados programas de políticas activas de emprego.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(1840).- SOLICITUDE DA FIGURA DE “ESPAZO DE INTERESE LOCAL” PARA O SISTEMA DUNAR DO AREAL DO VAO. EXPTE. 6062/306.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Medio Ambiente, do 24.11.08, conformado polo concelleiro delegado de Medio Ambiente, que di o seguinte:

A recuperación do sistema dunar do areal do Vao é un dos proxectos medioambientais máis singulares e representativos deste Concello. Actualmente, estase a eliminar as plantas invasoras no sistema dunar e se están a

plantar novos exemplares de duna, existentes dende hai medio século, que aumenta a biodiversidade deste ecosistema, polo que resulta necesaria unha figura que protexa os traballos que se veñen levando a cabo.

Nos últimos anos producíronse diversos danos ao sistema dunar do areal do Vao, derivados da entrada de persoas no recinto vaiado (nenos que arrincan plantas xogando, persoas que cruzan o areal, rapaces xogando ao balón,...) e tamén incluso da entrada de animais (cabalos, cans, etc).

Este servizo de Medio Ambiente pretende conseguir unha figura de protección para o sistema dunar do areal do Vao, baixo a figura “Espazo Natural de Interese Local” segundo o Decreto 124/2005, do 6 de marzo, polo que se regula a figura de espazo natural de interese local e a figura de espazo privado de interese natural; disposición da Consellería de Medio Ambiente publicada no Diario Oficial de Galicia núm. 97, do 23 de maio de 2005.

Con esta figura se pretende incluír tanto a praia do Vao como o sistema dunar, xa que, por un lado, permitiría facer unha xestión deste espazo conforme a singularidade que representa nestes momentos para o municipio e, por outra parte, o feito de ter un estatus de protección permitiría que toda persoa que poida actuar de mala fe danando o sistema dunar, respondese dos danos así como se lle obrigara a reparar o dano causado. Deste xeito, se garante unha adecuada protección do espazo.

Convén iniciar a solicitude á Consellería de Medio Ambiente nestes momentos, co fin de ter todo máis preparado á hora de que chegue a tempada estival, ca masiva afluencia de visitantes ao areal.

En data 18 de novembro de 2008 o concelleiro delegado de Medio Ambiente iniciou o expediente administrativo para a realización dos traballos de consecución dunha figura de protección do sistema dunar do areal do Vao, baixo a figura “Espazo Natural de Interese Local”, a prol da entidade Novocontorno, SL, por ser ésta a empresa que redactou o “Proxecto para a rexeneración do sistema dunar do Vao” e o proxecto de “Actuacións de mellora ambiental no areal do Vao”. (Ref.: Expte. 6061/306)

O presuposto dos traballos para tramitar a figura de protección do sistema dunar do Vao ascende a un importe de 17.560,00 (IVE incluído). Toda vez que na bolsa de vinculación 4450.22 non existe disposición suficiente para poder facer fronte ao gasto, o pasado 21 de novembro de 2008 solicitouse ao servizo de Intervención Xeral que procedese á tramitación da transferencia de crédito creando a partida de nova creación 4450.227.06.03 “Figura de protección Espazo Natural de Interese Local” con saldo cero e incrementándoa en 9.800,00 euros (nove mil oitocentos euros), procedente da aminoración das partidas 4450.230.01.00 “Dietas do persoal” por 800,00 euros e a 4450.231.00.00 “Gastos de locomoción” por 9.000,00 euros, toda vez que isto non perturba o normal funcionamento do servizo. (Ref.: Expte. 6060/306)

Polo exposto, próponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Solicitar, ao abeiro do decreto 124/2005, do 6 de maio, a figura de “Espazo Natural de Interese Local” para o sistema dunar do areal do Vao.

Delegar na concelleira delegada de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo (ou no seu caso, no concelleiro delegado en funcións) a representación para subscribir a solicitude.

Asumir o compromiso de poñer en práctica as medidas precisas para a conservación dos valores naturais que motivan a declaración e de elaborar un plan de conservación e de uso público deste espazo.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(1841).- DEVOLUCIÓN DE AVAL Á IRMANDADE DE DOADORES DE SANGUE CONSTITUÍDO POLA CELEBRACIÓN DO XXV FESTEXO AO DOADOR. EXPTE. 75585/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da enxeñeira técnica do Área de Mobilidade, Transporte e Seguridade, do 18.11.08, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos de Intervención Municipal, se proceda á devolución do aval achegado en data 08 de xullo de 2008, pola Irmandade de Doadores de Sangue, co NIF G: 36609758, por un importe de 600 € para responder dos posibles danos con motivo da celebración do XXV FESTEXO AO DOADOR o día 06 de setembro de 2008, por non producirse danos na vía pública.

14(1842).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 23.762,41 € A FAVOR DA EMPRESA SIMCO S.L. POLO MANTENIMENTO DE PARQUES FORESTAIS DE VIGO DURANTE O MES DE OUTUBRO DE 2008. EXPTE.4325/446.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, do 18.11.08, e de acordo co informe-proposta do enxeñeiro de Montes, do 10.11.08, conformado pola concelleira-delegada, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar unha indemnización substitutiva a favor da empresa Simco S. L. polo mantemento dos Parques Forestais de Vigo durante o mes de outubro de 2008, por importe de 23.762,41 €.

2º.- Recoñecer a obriga a favor da empresa Simco S. L. por un importe de 23.762,41 € como consecuencia do mantemento dos Parques Forestais de Vigo e con cargo a partida orzamentaria 4326.210.00.01

15(1843).- MODIFICADO DO PROXECTO DE ACONDICIONAMENTO EN SUPERFICIE DA PARCELA UBICADA NA CONFLUENCIA DAS RÚAS “RONDA DE DON BOSCO-ENRIQUE BLEIN BUDIÑO-VENEZUELA. EXPTE. 38/440.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Parques e Xardíns, do 24.10.08, conformado polo xefe Administrativo de Área de Servizos Xerais, que di o seguinte:

Antecedentes:

En data 7 de decembro de 2002 o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sala do Contencioso Administrativo, Sección 2ª da Coruña; decretou a demolición da obra realizada por Unión Eléctrica Fenosa para a instalación dunha subestación de transformación de enerxía eléctrica na Rúa de Don Bosco esquina con Blein Budiño, co restablecemento da zona ao estado anterior. Posteriormente o Concello acorda o 25 de outubro do 2006 coa comunidade de propietarios dos edificios das Rúas Ronda de Don Bosco 4 e 29, María Auxiliadora 5 e Venezuela 1 e 2 non demoler o edificio da subestación eléctrica salvo no seu fronte para ubicar a antiga escaleira da Praza de Portugal e acondicionar o resto da parcela co uso como área de esparcemento e disfrute dos veciños da zona.

As citadas obras foron financiadas con cargo a un convenio coa compañía Unión Fenosa, pola que ésta aportou ao Concello de Vigo 600.000 Euros para executar as mesmas, dos cales 500.000 Euros foron aportados inicialmente (ano 2006) e serviron para financiar a 1ª fase da obra, mediante a tramitación do expediente 3.722/446, polo cal en data 30 de abril de 2007, a Xunta de Goberno Local acorda adjudicar as obras de “Construcción da antiga escalinata da Praza de Portugal e localización na Rúa Enrique Blein Budiño” por

importe de 430.000 Euros á UTE Norvial, S.L. e Hidromiño, S.L. Os 100.000 Euros restantes foron aportados no ano 2008 e utilizaronse para rematar as obras a través do expediente 21/440, dacordo co proxecto constructivo redactado pola Enxeñería Tico, S.L., por importe de 100.095,92 Euros, aprobado pola Xunta de Goberno Local de data 12 de maio de 2008, incluíndo a instalación da antiga fonte do Mercado da Pedra, así como instalacións de iluminación e rego na mesma.

Durante a execución da obra, o director da mesma comunicou ao Concello que tiveron lugar novas unidades de obra e un aumento global das medicións con respecto do proxecto primitivo. Por tal motivo, e a espera da cifra final, o Servizo de Montes, Parques e Xardíns en data 9 de xullo de 2008, tramitou un expediente de suplemento de crédito por importe de 53.000 Euros.

Para o remate da obra, estímase que ésta sufrirá un inxeemento económico global de 132.928,01 Euros que sobre o orzamento total da mesma (600.000 €), supón. un sobrecoste do 22%.

Para poder certificar as unidades de obra non contempladas no proxecto primitivo, faise necesaria a redacción dun proxecto modificado que contemple éstas, así como as medicións en exceso.

Así mesmo cabe resaltar que o importe de 53.000 Euros existente na partida, non é suficiente para financiar o importe total da obra que ascende a 132.928,01 Euros.

Polo anteriormente exposto, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

1º.- Autorizar á Dirección Facultativa das obras a redacción do “Proxecto modificado do proxecto de Acondicionamento da parcela ubicada na confluencia das rúas “Ronda de Don Bosco - Enrique Blein Budi o - Venezuela”, para proceder a súa posterior aprobación e execución, dacordo co artigo 202 de la Ley de Contratos do Sector Público.

2º.- Financiar o importe total do incremento económico (132.928,01 Euros) da obra do seguinte xeito:

53.000 Euros con cargo á partida orzamentaria 4326.611.00.03

79.928,01 Euros con cargo á partida orzamentaria 5110.611.00.10

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(1844).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN VECIÑAL, CULTURAL E DEPORTIVA “MONTE DA MINA” DE CASTRELOS PARA O FUNCIONAMENTO DO “VIVEIRO DE ASOCIACIÓN”. EXPTE. 3583/320.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 30.10.08, o informe de fiscalización do 17.11.08 e de acordo co informe-proposta do xefe de Atención e Participación Cidadá, do 29.05.08, conformado polo concelleiro da Área de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a A.V.C. e D. “Monte da Mina” de Castrelos (CIF: G-36623593) para o fomento e divulgación das actividades de participación cidadá, ocio e lecer, a través da creación dun viveiro de asociacións en parte das súas instalacións.

2º.- Facultar ao concelleiro da Área de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá D. Santos Héctor Rodríguez Díaz, para asinar o citado convenio.

3º.- Autorizar o gasto de 9.000 € con cargo a partida 4631.489.00.00 do vixente orzamento.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN VECIÑAL, CULTURAL E DEPORTIVA “MONTE DA MINA” DE CASTRELOS.

En Vigo, de do dous mil oito.

REUNIDOS

Dunha parte, D. Santos Héctor Rodríguez Díaz, na súa calidade de concelleiro da Área de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá do Concello de Vigo (CIF P-3605700), nomeado por decreto da Alcaldía de data 05 de xullo de 2007 e con enderezo en Praza do Rei núm. 1 de Vigo.

E doutra parte, D. Juan Freiría Barros, en calidade de Presidente da Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva “Monte da Mina” de Castrelos (CIF G-36623593) e enderezo en Monte da Mina, 16, Castrelos-Vigo.

Ambas as dúas partes recoñécense mutuamente a capacidade xurídica suficiente e poder para asinar este Convenio, asumindo as responsabilidades de todo tipo que se deriven, e, a tal efecto

EXPOÑEN

Conforme ao previsto na lexislación vixente, e entre as que se cita a Lei 7/1985 reguladora das bases de réxime local, a Lei 5/1997 da administración local de Galicia, o R.d Lexislativo 781/1986 polo que se aproba o texto refundido en materia de réxime local e o R.d 2568/1986 de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía os dereitos fundamentais a participar directamente na actividade da administración municipal e a autoorganizarse a través de asociacións e ser apoiada nos devanditos procesos.

En base a estes principios básicos, o Concello de Vigo comprométese, non só, a garantir a participación, senón tamén, a promovela activamente, optando dunha maneira decidida pola democracia participativa e representativa das entidades que integran o tecido asociativo da nosa cidade.

O Concello de Vigo, a través da área de Participación Cidadá está a recibir múltiples solicitudes de distintas asociacións municipais inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións, para ser dotadas dun espazo físico onde desenvolver as súas xuntanzas, reunións e actividades. A carencia de locais municipais adecuados ás súas necesidades, provoca que estas se atopen imposibilitadas para levar a cabo os seus fins e obxectivos, o que fai preciso a creación de distintos viveiros de asociacións a repartir no termo municipal.

Para levar adiante este proxecto de apoio ao tecido asociativo, o Concello de Vigo ten necesidade de infraestruturas básicas que fagan posible a instalación e posterior desenvolvemento dos devanditos viveiros, polo que se avalia moi positivamente, a colaboración que presta a Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva “Monte da Mina” de Castrelos ao ceder parte das instalacións do seu local social para o uso de outras asociacións.

Dado o importante esforzo que está a realizar esta asociación, que por un lado constitúen un referente na parroquia onde realizan as súas actividades, e por outro, a súa importante colaboración para o fomento do asociacionismo, provoca a excepcionalidade no trámite de falta de publicidade e concorrencia na presente axuda, tratándose por tanto dunha subvención directa das previstas no art. 22.2.c) da lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Para a concreción desta colaboración mediante o correspondente convenio, as partes asinantes acordan establecer as seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto.

O obxecto do presente convenio é establecer as bases de colaboración e regular a cooperación entre as dúas entidades a través do financiamento de parte dos gastos de mantemento da asociación, de xeito que este esforzo conxunto permita o fomento e desenvolvemento das actividades detalladas na memoria que achega a entidade (anexo 2), así como, un conxunto de accións de carácter organizativo, informativo e coordinación que garanticen o bo funcionamento do “Viveiro de Asociacións”.

Son gastos correntes de funcionamento e mantemento da entidade aqueles que permitan o seu normal desenvolvemento, como por exemplo: gastos de persoal, mantemento das instalacións, subministración de teléfono, auga..., tributos aboados efectivamente polo beneficiario da subvención etc...

Segunda.- Destinatarios/as.

As actividades de carácter socio-comunitario con cargo ao presente convenio destinaranse aos seus asociados xunto co público en xeral, sendo o seu acceso segundo o caso, aberto e gratuíto. Así mesmo, as actividades de carácter organizativo irán dirixidas, basicamente, as asociacións beneficiarias da cesión de espazos no local social da entidade veciñal.

Terceira.- Disponibilidade dos espazos.

Para facer posible o funcionamento do Viveiro de Asociacións, a Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva “Monte da Mina” de Castrelos pon a disposición do Concello de Vigo espazos situados na planta 1ª e semisoto 1º da Asociación que deseguido se relacionan e se detallan en anexo aparte:

Planta 1ª

<i>Local</i>	<i>Medidas</i>	<i>Superficie</i>
<i>Sala de lecturas *</i>	<i>14,60 x 7,40</i>	<i>108,04 m²</i>
<i>Sala de xuntas *</i>	<i>5,45 x 5,80</i>	<i>31,61 m²</i>

Semisoto 1º

<i>Local</i>	<i>Medidas</i>	<i>Superficie</i>
<i>Núm. 1</i>	<i>9,60 x 5,60</i>	<i>53,76 m²</i>
<i>Núm. 2</i>	<i>2,20 x 5,60</i>	<i>12,32 m²</i>
<i>Núm. 3</i>	<i>6,00 x 8,10</i>	<i>48,60 m²</i>
<i>Núm. 4</i>	<i>2,90 x 6,38</i>	<i>18,49 m²</i>
<i>Núm. 5</i>	<i>6,00 x 6,65</i>	<i>39,90 m²</i>
<i>Núm. 6</i>	<i>9,00 x 3,60</i>	<i>32,40 m²</i>
<i>Núm. 7</i>	<i>6,10 x 5,40</i>	<i>32,94 m²</i>
<i>Núm 8/9 *</i>	<i>11,75 x 5,40</i>	<i>63,45 m²</i>

Cuarta- Cesión dos espazos.

A utilización dos locais 1 a 7 da planta baixa, farase en réxime de exclusividade, namentres que a utilización das Salas de Lecturas e Xuntas da primeira planta, Auditorio e Semisoto 1º estará en réxime compartido, previa solicitude das asociacións integradas no Viveiro de Asociacións, á Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva “Monte da Mina” para a realización de eventos e actos públicos propios da súa actividade.

Quinta.- Conformidade do proxecto

A Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva “Monte da Mina” de Castrelos dá a súa conformidade ao proxecto e á utilización das superficies descritas na cláusula terceira e condición da cláusula cuarta.

* Local en réxime compartido

*

Sexta.- Réxime financeiro, tramitación dos pagos e liquidación

En compensación a súa actividade e gastos de mantemento propios da asociación, o Concello de Vigo abonará á Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva “Monte da Mina” de Castrelos a cantidade de 9.000 € (nove mil euros), con cargo á partida 4631.489.00.00 do orzamento municipal.

Dita suma establécese por todos os conceptos e impostos incluídos no mantemento da asociación, sendo esta cantidade aboada mediante transferencia bancaria.

- *Anticipos a conta: Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50 % da axuda outorgada polo Concello, previa petición xustificada da entidade interesada.*
- *Liquidación final: Unha vez rematadas as actividades acordadas ou, en todo caso, dentro dos 30 días seguintes ao remate da vixencia do convenio, achegárase no Rexistro Xeral do Concello a conta xustificativa que incluírá a seguinte documentación e información:*

- *Solicitud de liquidación final.*
- *Memoria descritiva das actividades e accións realizadas, que conterá os datos da programación desenvolvida, e entre outros, a participación, asistentes, usuarios dos servizos e posible memoria de prensa e comunicación.*

Así mesmo, incluírá unha relación das entidades usuarias do centro e as actividades realizadas no mesmo.

- *Memoria económica xustificativa do custo das actividades obxecto do convenio, que conterá:*
 - *Relación numerada correlativamente de todos e cada un dos documentos xustificativos que se aporten, con especificación da súa data, provedor, obxecto facturado, importe e data e forma de pago.*
 - *Facturas orixinais, polo importe total da subvención outorgada. Para posibilitar o control da concorrencia de subvencións, todos e cada un dos documentos orixinais que se devolvan ao beneficiario da subvención deberán ser validados e compulsados polo servizo xestor, mediante un selo existente ao efecto no que se indica a subvención para cuxa xustificación foron presentados e se o importe do xustificante imputouse total ou parcialmente á subvención, e a cuantía exacta que resulta afectada pola subvención, polo que é preciso a presentación dos orixinais xunto coas súas copias.*
- *Unha declaración detallada doutros ingresos ou subvencións que financien as actividades subvencionadas con indicación do importe e a súa procedencia.*
- *Unha Declaración xurada do perceptor , acreditativa dos seguintes extremos:*
 - *Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se acheguen se aplicaron á actividade subvencionada.*
 - *Que foron abonadas aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.*
 - *Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que esta foi practicada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal de Administración Tributaria.*
 - *Que o beneficiario se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social (artigo 31.7 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).*
 - *Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custo da actividade subvencionada e o interese de demora correspondente, de acordo co previsto nos artigos 19.3, 37.3 la Lei Xeral de Subvencións.*

Sétima- Causas de extinción.

O incumprimento do especificado no clausulado do convenio, mesmo por parte das entidades receptoras, poderá significar a cancelación do presente convenio e revogación do acordado.

A non realización total ou parcial das accións obxecto de convenio, ou a falta da debida xustificación e acreditación das cantidades achegadas polo Concello, dará lugar correspondente liquidación e a obriga pola Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva "Monte da Mina" de Castrelos do reintegro ás arcas municipais das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora dende o momento do seu pago.

O concelleiro da área de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, queda facultado para solucionar en primeira instancia as posibles controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar as iniciativas que contribúan ó seu cumprimento e desenvolvemento.

Oitava.- Colaboración nos gastos das instalacións.

O mantemento das instalacións e os gastos ocasionados polo seu uso serán asumidas polas asociacións integradas no Viveiro de Asociacións, previo requirimento e xustificación dos mesmos por parte da Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva "Monte da Mina" de Castrelos. O porcentaxe de participación de cada unha será establecida pola Comisión de seguimento deste convenio.

Novena.- Vixencia

A vixencia do convenio será desde a data de sinatura do mesmo ata o 31 de decembro do ano 2008.

Décima.- Comisión de seguimento.

Para o seguimento do convenio, aplicación do mesmo e resolución das dificultades que poidan xurdir no desenvolvemento do mesmo, constitúese unha Comisión de Seguimento, composta por:

a) Representantes do Concello de Vigo:

- *O concelleiro da Área de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, que actuará como Presidente da Comisión.*
- *O xefe do servizo de Participación e Atención Cidadá.*

b) Representantes da A.V.C. e D. "Monte da Mina":

- *Presidente da asociación.*
- *Secretario da asociación que actuará como secretario da comisión.*

c) Viveiro de asociacións:

- *Un representante de cada unha das asociacións participantes.*

Décimo Primeira.- Final.

Lido por ambas as dúas partes e como proba de conformidade con expresado no presente convenio, asínano por cuadruplicado o presente convenio

ANEXO 1

Planta 1ª : Adxunta plano

Local	Medidas	Superficie
Sala de lecturas *	14, 60 x 7,40	108,04 m ²
Sala de xuntas *	5,45 x 5,80	31,61 m ²

Semisoto 1º: Adxunta plano

Local	Superficie	Entidade Usuaría
Núm. 1	53,76 m ²	“Unión Ornitológica de Vigo”
Núm. 2	12,32 m ²	“ Unión Radio Aficionado Vigo-Val Miñor”
Núm. 3	48,60 m ²	“Asociación de Fútbol Aficionado de Vigo- AFAVI”
Núm. 4	18,49 m ²	“Rápido de Pereiró- Club de Fútbol”
Núm. 5	39,90 m ²	“Agrupación Folclórica Lembrazas Galegas”
Núm. 6	32,40 m ²	“Uepas: Unidad Especial de Perros Anticatástrofe y Salvamento de Protección Civil”
Núm. 7	32,94 m ²	“Asociación de Mediación Social de Galicia”
Núm 8/9 *	63,45 m ²	“Asociación Musiquina”

17(1845).- ABOAMENTO DE COTAS DE COMUNIDADE A FAVOR DA COMUNIDADE DE PROPIETARIOS REPÚBLICA ARGENTINA Nº 12-14. EXPTE. 18499/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnico de Admón. Especial, do 23.10.08, conformado polo concelleiro delegado de Patrimonio, que di o seguinte:

Por parte da Xestora de comunidades e Administradora de Fincas Clara Villar Vazquez, coleg. 4-1225, solicita o abono á Comunidade de Propietarios do Inmóbel da rúa República Argentina nº 12-14, por parte deste Concello, da cantidade adeudada en concepto de “cuotas de propietarios”, polos pisos da súa propiedade nos mencionados edificios.

A propiedade por parte do Concello de Vigo resulta acreditada segundo a escritura pública, otorgada o 14 de setembro de 1994, a Xunta de Compensación Urbanizadora da Unidade de execución I-05; Rosalía de castro 1, de Vigo, declarou a obra nova en construción do edificio sito na rúa República Argentina 12-14, e constituíno en réxime de propiedade horizontal. En dita escritura adjudicáronse as diferentes entidades das que se compón dito edificio da forma seguinte: O Concello de Vigo, en pago e como contraprestación por aproveitamento da edificabilidade que lle corresponde dentro da unidade do ámbito da unidade de execución..., en total cincuenta vivendas.

* Local en réxime compartido

*

O importe de dito gasto poderase cargar a na partida 12102120005, Mantemento e Comunidades, do vixente presuposto.

Según a Ley de propiedade horizontal, na que se establece que cada un dos propietarios do inmovible deberá contribuir proporcionalmente os gastos do inmovible, estimase oportuno proceder o pago da debeda .

Polo anteriormente exponse, propónse a Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención Xeral, a adopción do seguinte A C O R D O

Aboar, en concepto de cuotas de comunidade , a Comunidade de Propietarios do inmovible sito na rúa República argentina nº 12- 14, a cantidade de 5.254,32 euros, polo importe correspondente os meses de outubro, novembro e decembro de 2008, efectuando dito ingreso na conta de Caixa Madrid, que mantén aberta a comunidade, nº 20384016956000108813.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(1846).- SOLICITUDE DE ACCESO DIRECTO DE VEHÍCULOS E PEONIL DENDE O APARCADOIRO DE RESIDENTES PREVISTO DA RÚA ROSALÍA DE CASTRO Ó PRIMEIRO SOTO DAS EDIFICACIÓNS NOS SOLARES Nº 10 E 12-14 DA UE I-06 ROSALÍA DE CASTRO 2 DE VIGO. EXPTE. 4/403 E 5/403.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnico de Admón. Especial, do 23.10.08, conformado polo concelleiro delegado de Patrimonio, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- Código Civil, aprobado polo Real Decreto de 24 de xullo de 1889 (CC).
- Lei 2/2006, de 14 xuño, de dereito civil de Galicia (LDCG).
- Lei 33/2003, de 3 de novembro, do patrimonio das Administracións públicas (LPAP).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRJAP).
- Lei 5/1997 , de 22 de xullo, de administración local de Galicia (LALG).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- RD 1372/1986, de 13 de xuño, Regulamento de bens das entidades locais (RBEL).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais (ROF).
- Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas (LCAP).
- Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (LCSP).

ANTECEDENTES:

D. Manuel Vázquez Domínguez, en nome e representación de PROMOCIONES MANUEL VÁZQUEZ S.L., mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 11 de febreiro de 2008, solicita que

se autorice o acceso dende o primeiro soto do aparcadoiro de residentes previsto na rúa Rosalía de Castro ó primeiro soto do edificio proxectado no solar nº 10 da UE I-06 ROSALÍA DE CASTRO 2 DE VIGO.

Así mesmo, D. José Manuel Fernández Domínguez, en nome e representación de PROMOCIONES INMOBILIARIAS APARTOGA S.L., mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 13 de febreiro de 2008, solicita se autorice ó acceso directo de vehículos e o acceso directo peonil dende o aparcadoiro de residentes previsto na rúa Rosalía de Castro ó primeiro soto do edificio proxectado no solar nº 12-14 da UE I-06 ROSALÍA DE CASTRO 2 DE VIGO.

Posteriormente, compareceu nos expedientes á Xunta de Compensación da UE I-06 ROSALÍA DE CASTRO 2 DE VIGO, que solicita, en escrito de data 16 de maio de 2005, a constitución polo Concello dunha servidume de paso voluntario a favor das parcelas 10 e 12-14 da UE.

Durante a instrución dos presentes expedientes foron levados a cabo os trámites procedementais regulamentarios e emitidos os pertinentes informes por parte dos técnicos dos servizos municipais competentes nas diversas materias que puideran incidir no obxecto do expediente, e na resolución que finalmente deban adoptar os órganos competentes desta Administración, constando os seguintes:

- Informe do Xefe dos Servizos Técnicos da Xerencia Municipal de Urbanismo, de data 18 de marzo de 2008.*
- Informe da Oficina Técnica de Licencias da Xerencia Municipal de Urbanismo, de data 8 de abril de 2008.*
- Informe da Oficina Técnica de Planeamento da Xerencia Municipal de Urbanismo, de data 10 de xullo de 2008.*
- Informe da Oficina Técnica de Planeamento da Xerencia Municipal de Urbanismo, de data 21 de xullo de 2008.*
- Evacuóse trámite de audiencia á PUENTES Y CALZADAS GRUPO DE EMPRESAS, na súa calidade de empresa concesionaria do aparcadoiro de residentes de Rosalía de Castro, que formula alegacións en data 4 de setembro de 2008.*
- Evacuóse trámite de audiencia á Xunta de Compensación da UE I-06 ROSALÍA DE CASTRO 2 DE VIGO, que non formula alegacións.*
- Evacuóse trámite de audiencia ó solicitante, que formula alegacións en data 4 de setembro de 2008.*

Dado que ambas solicitudes versan sobre a mesma cuestión, a constitución do acceso a sendas edificacións privadas dende un aparcadoiro público, a xuízo da informante resulta conveniente resolvelas nunha única resolución.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

Primeiro.- O presente expediente ten por obxecto determinar se procede conceder un acceso, de vehículos e peonil, dende un aparcadoiro público de residentes obxecto de concesión administrativa a uns edificios de titularidade privada.

A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de data 21 de maio de 2007, acordou a adxudicación do lote 2 do concurso para a xestión mediante concesión de servizo público de aparcadoiros subterráneos de uso mixto nas rúas Jenaro de la Fuente, Rosalía de Castro e avenida Castelao, e dun aparcadoiro de residentes en Rosalía de Castro á favor de COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES S.A., segundo o prego de cláusulas técnicas e administrativas e os anteprojectos aprobados polo acordo da Xunta de Goberno Local de data 14 de agosto de 2006, formalizándose o contrato en data 10 de outubro de 2007.

Segundo.- A facultade de acceder ou non a constitución do acceso rodado e peonil dende o aparcadoiro de residentes de Rosalía de Castro as edificacións previstas nas parcelas 10 e 12-14 da UE I-06 ROSALÍA DE CASTRO 2 DE VIGO é unha facultade discrecional desta Administración, se ben no presente caso concorre

ademais unha modificación contractual (artigo 163 LCAP), ó ser obxecto de concesión administrativa de servizo público o aparcadoiro dende o que se solicita o acceso. Sempre que a administración actúa no exercicio dunha potestade discrecional está facultada para decidir a solución que crea máis conveniente para o interese público. A discrecionalidade consiste, pois, nunha liberdade de elección entre alternativas igualmente xustas ou indiferentes xurídicos, porque a decisión se fundamenta en criterios extraxurídicos remitidos ó xuízo subxectivo da administración. Co fin de controlar que esta discrecionalidade non se converta en arbitrariedade, a lexislación vixente impón a obriga de motivar, con sucinta referencia de feitos e fundamentos de dereito, os actos ditados polas administracións públicas en exercicio de facultades discrecionais (artigo 54.1.f LRJAP). En cumprimento deste imperativo legal, pasaremos a expoñer, nos fundamentos xurídicos seguintes a postura de Administración o hilo das alegacións formuladas polos interesados durante a instrución do presente procedemento.

Terceiro.- O solicitantes, nun primeiro momento, cualifican o acceso solicitado como servidume voluntaria.

A servidume é un gravame imposto sobre un predio en beneficio doutro pertencente a distinto dono (artigo 530 CC). Poden ser legais ou voluntarias, segundo resulten establecidas pola lei ou polos propietarios do fondo servinte (artigo 536 CC). No caso que nos ocupa se solicita desta Administración a constitución dunha servidume de carácter voluntario. É un principio xeral do noso ordenamento xurídico que todo propietario dunha finca pode establecer nela as servidumes que estime conveniente, no modo e forma que ben lle pareza, sempre que non contraveña as leis nin ó orde público (artigos 594 CC e 87 LDCG). No entanto, polas razóns que máis adiante se expoñerán, non procede acceder a constitución dunha servidume neste caso.

Posteriormente, no trámite de audiencia evacuado tras finalizar a instrución do presente procedemento (artigo 84 LRJAP), os Sres. Vázquez e Fernández cualifican o acceso solicitado como uso normal dun ben de dominio público, se ben, a xuízo da informante, o certo é que tratase dun uso privativo.

Comezaremos por perfilar o concepto de ben de dominio público, antes de definir os posibles modos de utilización dos mesmos, ó obxecto de cualificar o uso solicitado.

Así, son bens de dominio público os que, sendo de titularidade pública, se atopan afectados ó uso xeral ou ó servizo público, así como aqueles ós que una lei outorgue expresamente o carácter de demaniais (artigos 5 LPAP, 79 LBRL e 263 LALG). Dentro dos bens demaniais das corporacións locais, teñen a consideración de bens de servizo público local ós destinados á prestación de servizos públicos ou administrativos (artigos 265 LALG, 74 TRRL e 4 RBEL), categoría na que poden encadrarse os aparcamentos subterráneos.

A principal clasificación dos modos de utilización dos bens de dominio público distingue entre o uso común, normal ou especial, e o uso privativo. Mentres que o uso común normal dos bens de dominio público é o que corresponde por igual e de forma indistinta a todos os cidadáns, de modo que o uso por uns non impide o de os demais interesados (artigos 75.1.a RBEL e 85.1 LPAP), o uso especial implica un aproveitamento especial do dominio público por suporen a concorrencia de circunstancias tales como a perigosidade ou intensidade do mesmo, a preferencia en casos de escaseza, a obtención dunha rendibilidade singular ou outras semellantes, que determinan un exceso de utilización sobre o uso que corresponde a todos ou un menoscabo de este (artigos 75.1.b RBEL e 85.2 LPAP). O uso privativo consiste na ocupación dunha porción do dominio público, de modo que limite ou exclúa a súa utilización polos demais interesados (artigos 75.2 RBEL e 85.3 LPAP). O uso que nos ocupa pode encadrarse nesta última categoría, é privativo por canto o aparcadoiro de residentes non é un aparcadoiro público ó uso, ó que se permita o acceso común a calquera cidadán para o uso rotatorio das súas prazas, e en consecuencia, vaxa a ser utilizado por unha colectividade indeterminada de usuarios, senón que se limita ó uso exclusivo dos residentes da súa zona de influencia que sexan titulares dun dereito real de uso dunha praza concreta do mesmo. Corrobora este dato o feito de que o acceso solicitado non se limita a acceder o garaxe privado dende a rampla, senón que se solicita tamén o acceso peonil dos futuros usuarios polo interior do aparcadoiro de residentes e no caso dunha das edificacións a circulación dos vehículos polos carrís interiores do aparcamento.

Parte o solicitante, a hora de cualificar o uso solicitado, do erro de considerar como vial público integrante da rede viaria municipal a rampla de acceso ó aparcadoiro. A pesar de que se entende que o subsolo é unha prolongación da superficie e que está igualmente afectado ó uso ou o servizo público, no caso de que o solo sexa unha vía pública, o aparcamento baixo o mesmo non pode ser considerado vía pública nin tampouco as ramplas de acceso e os carrís internos do aparcadoiro, aínda que se aplique nos mesmos a normativa de tráfico, tanto administrativa como penal, en virtude do potencial perigo que pode representar para a seguridade do tráfico o seu uso por unha colectividade de usuarios. Nesta liña, a STS de 12 de xullo de 2006 (Sala 3ª, Sección 2) considera que a entrada a un aparcamento subterráneo forma parte integrante da concesión mesma, xa que sen aquela non podería existir o propio aparcamento. En consecuencia, podemos concluír que o uso solicitado non é un uso común dun ben de dominio público -vial público-, senón unha utilización privativa dun aparcadoiro público de residentes, e como tal uso privativo está suxeito a obtención de concesión administrativa (artigos 78.1 RBEL e 86.2 LPAP), concesión que ademais recae sobre un ben xa obxecto de concesión administrativa, polo que para o seu outorgamento sería preciso modificar o prego de condicións administrativas que rexe a concesión do aparcadoiro de residentes e, ademais que medie o consentimento do titular da mesma. Para proceder a esta modificación contractual é requisito imprescindible, a tenor da lexislación sectorial, que concorran razóns de interese público. Efectivamente, a lexislación de contratos das Administracións públicas reconece ó órgano de contratación, entre outras prerrogativas, a de modificar os contratos por razóns de interese público, dentro dos límites e con subxección ós requisitos e efectos sinalados na mesma (artigo 59.1 LCAP e 114.1 TRRL con relación ás entidades locais). Sen embargo, no suposto que nos ocupa, non se aprecia interese público ningún na concesión do acceso solicitado.

Cuarto.- As Administracións Públicas, teñen encomendada polo ordenamento xurídico a defensa dos intereses públicos e teñen así mesmo, a obriga de protexer e defender os seus bens e dereitos (artigos 5, 68.1 LRBRL; 270, 284.2, 285 LALG; 220 ROF e 9 e 73 RBEL). En principio, en aras desta defensa do interese público municipal non parece razoable estender as cargas que gravan as propiedades municipais a supostos non previstos no planeamento, planeamento por outra banda xa desenrolado e executado.

Se ben o solicitante alega que o vixente PGMUOM 2008 admite como normal a localización, incluso integra de aparcadoiros privados baixo espazos públicos (artigo 5.7.1.3), e que entre os seus propósitos figura o de reducir no posible os accesos propios ós garaxes privados para edificacións residenciais, extremo que colixe da dicción do artigo 5.7.10.7 que establece que para as edificacións residenciais “se autorizará con carácter preferente a mancomunidade de garaxes-aparcamento entre distintos propietarios co fin de reducir ó mínimo o número de accesos”. No entanto, non procede aplicar con carácter retroactivo o PGMUOM 2008 para impoñer a unha propiedade municipal un gravame non previsto no planeamento que a regulou.

Acceder o outorgamento dunha concesión de dominio público para permitir o acceso a uns garaxes privados a través da rampla do aparcadoiro de residentes implica impoñer á concesión de servizo para a explotación do aparcadoiro de residentes, e en última instancia á propiedade municipal, unha carga que non se podería suprimir no futuro, pois a súa supresión deixaría sen acceso ós garaxes dunhas vivendas. De modo que no futuro, se razóns de interese público aconsellaran outra utilización do subsolo público diferente a un aparcadoiro, non sería posible por canto suporía deixar sen acceso os garaxes dos inmobles dos solicitantes. Deste xeito, este acceso solicitado convertese nunha carga perpetua imposta sobre o dominio público municipal. Carga perpetua que non procede impoñer por imperativo da lexislación patrimonial, que prohíbe o outorgamento de licencias ou concesións por tempo indefinido (artigos 79 RBEL e 93.3 LPAP).

Os solicitantes ademais non xustifican a necesidade do acceso solicitado. De feito, a propiedade respectiva de cada unha das edificacións para as que se solicita o acceso teñen solicitado e obtido licencias de construción para as edificacións proxectadas nos solares nº 10 e 12-14 da UE I-06 ROSALÍA DE CASTRO 2. Nos proxectos aprobados constan sendos accesos ós garaxes previstos, como resultaba preceptivo por imperativo do planeamento vixente no momento de solicitar a licenza (PXOU de 1993). Neste sentido a Oficina de Planeamento da Xerencia Municipal de Urbanismo, informa en data 21 de xullo de 2008, que non é imprescindible o acceso ós garaxes polo aparcadoiro público. Non se esgrime polos interesados ningunha razón de peso que xustifique este cambio de acceso ós garaxes, máxime cando este acceso pretende facerse a través dunha propiedade municipal e supón unha carga perpetua para a mesma. Tampouco se xustifica cal

pode ser o interese público neste cambio. O eliminar este acceso pola praza ó edificio proxectado non implica eliminar o tráfico rodado na mesma, que podería resultar de interese público, tal e como manifesta o informe da Oficina de Planeamento citado, se con ilo se evitase o tránsito de vehículos en zonas peonís, pois outras edificacións proxectadas na da UE I-06 ROSALÍA DE CASTRO 2 acceden os seus garaxes a través da praza pública. O único beneficio que parece obterse con este cambio é o aumento da superficie destinada a baixos comerciais dos inmobles afectados, beneficio de carácter económico que unicamente recae na propiedade do inmovle e no que non se atopa o interese público.

Quinto.- Resulta competente para a aprobación do presente acordo a Xunta de Goberno Local (disposición adicional segunda LCSP).

En mérito ó exposto, se propón á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Denegar o acceso rodado e peonil solicitado por D. Manuel Vázquez Domínguez e D. José Manuel Fernández Domínguez, en nome e representación respectivamente de PROMOCIONES MANUEL VÁZQUEZ S.L., e PROMOCIONES INMOBILIARIAS APARTOGA S.L., ós sotos das edificacións proxectadas nos solares nº 10 e 12-14 da UE I-06 ROSALÍA DE CASTRO 2 a través do aparcadoiro de residentes de Rosalía de Castro, obxecto de concesión de servizo público adxudicada a COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES S.A. polo acordo da Xunta de Goberno Local de data 14 de agosto de 2006”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

19(1847).- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DAS OBRAS DE REMODELACIÓN DA RÚA TEÓFILO LLORENTE. EXPTE. 4658/307.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa de Patrimonio Histórico, conformado pola delegada de Área de Patrimonio Histórico, que di o seguinte:

O Concello ven de adxudicar, por acordo da Xunta de Goberno Local na sesión extraordinaria e urxente do 11 de novembro de 2008, definitivamente a Construcciones Crespo, S.A. a execución das obras de remodelación da rúa Teófilo Llorente por un prezo total de 914.873 euros.

A través dos Servizos técnicos da Xerencia Municipal de Urbanismo, a empresa presenta o Plan de Seguridade e Saúde das obras, con informe favorable do coordinador en materia de seguridade e saúde.

O artigo 7 do RD 1627/97 establece que: “En aplicación do estudio de seguridade e saúde ou, no seu caso, do estudio básico, cada contratista elaborará un plan de seguridade e saúde no traballo no que se analicen, estudien, desenvolvan e complementen as previsións contidas no estudio ou estudio básico, en función do seu propio sistema de execución da obra”.

Conforme a este mesmo precepto, nas obras das Administracións públicas, o plan de seguridade e saúde, co correspondente informe do coordinador en materia de seguridade durante a execución da obra, elevarase para a súa aprobación á Administración que a adxudicou.

E para o cumprimento desta lexislación, este servizo de Patrimonio Histórico propón á Xunta de Goberno Local o seguinte:

PRIMEIRO.- Aprobar o Plan de Seguridade e Saúde das obras de remodelación da rúa Teófilo Llorente, presentado neste Concello na data do 25/11/2008 pola empresa adxudicataria e informado favorablemente polo Coordinador en materia de seguridade e saúde na data do 24/11/2008.

SEGUNDO.- O Plan de seguridade e saúde deberá estar na obra a disposición permanente da dirección facultativa da mesma, da Inspección de Traballo e dos técnicos dos órganos especializados en materia de seguridade e saúde nas Administracións públicas competentes, dacordo co establecido nos artigos 7.5 e 19 do RD 1627/97, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

20(1848).- EXECUCIÓN SENTENZA 205/2007, DE 10 DE SETEMBRO, DO XULGADO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO NÚM. 2, DE VIGO, (PROC. ABREVIADO 166/2007) INTERPOSTO POR D. JULIO GARCÍA SILVA. EXPTE. 18575/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 14.11.08, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, 11.11.08, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- *En data 10 de setembro do 2008 o Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo dictou a Sentenza nº 205/2007 no recurso contencioso-administrativo (procedemento abreviado) nº 166/2007, interposto por D. Julio García Silva contra a presunta inactividade do Concello de Vigo na inexecución dos dereitos derivados do silencio administrativo positivo do recurso de alzada formulado contra a desestimación por silencio da solicitud formulada polo recorrente o 26 de maio do 2006; solicitud na cal o recorrente, funcionario de carreira do Concello de Vigo adscrito ao Servizo de extinción de Incendios e Salvamento, reclamaba a subida de complemento específico e de complemento de destino consonte aos servizos efectivamente prestados.*

Na referida sentenza literalmente fallouse que:

“Que debo estimar y estimo la demanda formulada por Letrada D^a Lidia de la Iglesia Aza en nombre y representación de Julio García Silva contra la inexecución del acto administrativo estimatorio del reconocimiento de los complementos específico y de destino equivalentes a sargento de Extinción de Incendios, que habrá de retrotraerse a cinco años desde la fecha de su formulación en vía administrativa, sin hacer expresa imposición de costas”.

2.- *A resolución xudicial referenciada foi recorrida en apelación pola representación legal do Concello, a través da Asesoría Xurídica Municipal, sendo confirmado o fallo da sentenza polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (Sala do Contencioso-Administrativo, Sección 1^a) en Sentenza nº 259/2008, dictada no recurso de apelación nº 496/2007, do 16 de abril.*

3.- *En sesión de data 16 de xuño do 2008, a Xunta de Goberno Local tomou coñecemento das sentenzas citadas, que na actualidade gozan da esencial característica da firmeza, procedendo en consecuencia a súa execución; igualmente, en data 08/10/2008 a Asesoría Xurídica Municipal solicitou a este Servizo informe sobre o estado da execución aos efectos da súa presentación no xulgado.*

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I. O artigo 103.2 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, establece que as resolucións xudiciais firmes son de obrigado cumprimento na forma e nos termos que nestas se

consignen; no mesmo senso se manifesta o artigo 18.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, cando afirma que as sentenzas haberán de cumprirse nos seus propios termos. A vixente Constitución Española de 1978 contempla no seu artigo 118 a obrigatoriedade de cumprilas sentenzas e demais resolucións firmes emanadas dos xuíces e Tribunais, así como a de prestar a colaboración requerida por éstes, tanto no curso do proceso coma na execución do resolto.

A Administración Pública está suxeita, no desenvolvemento da súa actividade, ao principio constitucional do pleno sometemento á Lei e ó Dereito (artigo 103); no apartado 2 do artigo 103 da citada Lei 29/1998 se consigna a obriga que teñen todas as persoas e entidades -públicas e privadas- de prestar toda a colaboración requirida polos xulgados e tribunais do Contencioso-Administrativo para a debida e completa execución do resolto. É no apartado 4 do mesmo onde se establece que son nulos de pleno dereito os actos e disposicións contrarios ós pronunciamentos das sentenzas que se dicten coa finalidade de eludir o seu cumprimento.

No artigo 17.2 da Lei Orgánica do Poder Xudicial xa citada preceptúase que as Administracións Públicas, as autoridades e funcionarios, as Corporacións e todas as Entidades públicas e privadas deben respetar, e, no seu caso, cumprir as sentenzas e demais resolucións xudiciais que teñen gañado firmeza ou sexan executables de conformidade coas leis.

II. Tal e como sinala o Tribunal Constitucional na Sentenza 66/1982, de 12 de novembro, e que constitúe criterio xurisprudencial amplamente consolidado, "... o artigo 24 da Constitución Española, en canto que garante a todas as persoas o dereito a obter a tutela efectiva de xuíces e tribunais no exercicio dos seus dereitos e intereses lexítimos, implica o recoñecemento dos efectos das resolucións dos tribunais predeterminados pola Lei por todos os órganos do Estado".

III. Dende o máximo respecto e acatamento ás sentenzas e demais resolucións xudiciais firmes emanadas dos órganos xurisdiccionais integrantes do Poder Xudicial como pilar esencial do Estado de Dereito constitucionalmente consagrado no artigo 1 da Norma Suprema, estima a funcionaria informante que a Xunta de Goberno Local debe considerar un aspecto transcendencia esencial en relación coa sentenza que se executa, como é o feito de que o recorrente Sr. García Silva – na actualidade xubilado- levase máis de 15 anos desenvolvendo funcións propias de sarxento en todas as gardas "por la carencia de funcionarios de dicha categoría en los cuadros de personal, asumiendo funciones y un mayor nivel de responsabilidad", como así se contempla no fundamento xurídico segundo, parágrafo primeiro da sentenza do TSXG. Consecuentemente, polos responsables do Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento e pola propia Concellería-delegada da Área deberían adoptarse as medidas oportunas para que situacións de idéntico contido non se volvan a xenerar, á vista das consecuencias económicas que para as arcas municipais se producen, estimando en todo caso polo reforzamento de efectivos a través dos oportunos cauces de creación de prazas consonte ao previsto na lexislación vixente.

IV. Na sentenza ordénase a retroacción a cinco anos dende a data da formulación en vía administrativa da pretensión económica plantexada polo recorrente; segundo o informe de data 30/10/2008 incorporado ao expediente administrativo, as contías a aboar entre os complementos de destino e específico correspondentes ao posto de bombeiro xefe de quenda e de sarxento ascenden a un montante total de 9.613,00 euros, na forma e nos termos contidos no dito informe.

V. Sen prexuízo das competencias que o concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal ostenta en canto ó cumprimento dos mandamentos e exhortos procedentes das autoridades xudiciais relacionados co persoal municipal, delegadas por Decreto da Alcaldía de 02/01/2004, parece claro que, tendo por obxecto o fallo da sentenza o aboamento de cantidades en concepto de retribucións complementarias, corresponde á Xunta de Goberno Local a competencia para resolver en tal senso, de conformidade co establecido no artigo 127.1.h) da vixente Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local.

Consecuentemente, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a aprobación da seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

“PRIMEIRO.- Proceder ao efectivo cumprimento do mandato xudicial contido na Sentenza nº 205/2007, dictada polo Xulgado do Contencioso-administrativo nº 2 de Vigo no recurso contencioso-administrativo (procedemento abreviado) nº 166/2007, interposto por D. Julio García Silva contra a presunta inactividade do Concello de Vigo na inexecución dos dereitos derivados do silencio administrativo positivo do recurso de alzada formulado contra a desestimación por silencio da solicitude formulada polo recorrente o 26 de maio do 2006, confirmada polo TSXG en en Sentenza nº 259/2008, dictada no recurso de apelación nº 496/2007, do 16 de abril (Sala do Contencioso-Administrativo, Sección 1ª) e na cal literalmente se fallou:

“Que debo estimar y estimo la demanda formulada por Letrada Dª Lidia de la Iglesia Aza en nombre y representación de Julio García Silva contra la inejecución del acto administrativo estimatorio del reconocimiento de los complementos específico y de destino equivalentes a sargento de Extinción de Incendios, que habrá de retrotraerse a cinco años desde la fecha de su formulación en vía administrativa, sin hacer expresa imposición de costas”.

SEGUNDO.- En consecuencia, acordar o aboamento de atrasos retributivos pola diferenza entre os , os cales ascenden a un montante total de 9.613,00 euros, na forma e nos termos contidos no informe emitido pola xefa do negociado de réxime interior de 30/10/2008.

TERCEIRO.- Dar conta do presente acordo ó Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 Vigo ós oportunos efectos en relación coa resolución xudicial que se executa, notificando asemade ao Servizo de Asesoría Xurídica, Intervención Xeral, Xefatura da Área de Réxime Interior, e Unidade de Persoal (Organización e Métodos) aos efectos que procedan.”

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

21(1849).- PRODUCTIVIDADE DO 3º TRIMESTRE DOS CONDUTORES-SEGURIDADE DA TENENCIA DE ALCALDÍA. EXPTE. 18537/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 12.11.08, dáse conta do informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 15.10.08, conformado pola xefa do Servizo de Persoal, que di o seguinte:

Dentro do persoal que presta os seus servizos na 1ª tenencia da Alcaldía, figuran dous postos de policía local-seguridade, ós que se lle esixe permanentemente un rendemento e dedicación extraordinaria no desenvolvemento dos seus postos de traballo máis aló do meramente esixible polo desempeño das súas funcións públicas, segundo o disposto no Decreto de data 10 de xullo de 2007, da Alcaldía-Presidencia.

Neste caso e fronte ó restante persoal das súas respectivas categorías, concorren as circunstancias contempladas no art. 5 do Real decreto 861/1986, do 25 de abril, para facerse acredores do complemento de produtividade, xa que non contan cun horario fixo, senon que teñen que estar a disposición da 1ª tenencia de Alcaldía no momento no que sexan requeridos para isto, incluso xornadas en sábado, domingo ou festivo, nocturna, etc.

O 1º Tenente Alcalde, a través de escrito de data 1 de outubro de 2008, solicita se lles aboe un complemento de produtividade, de conformidade co disposto na base j) da Instrucción 3ª sobre plantilla e relación de postos de traballo, con contía a determinar pola Xunta de Goberno Local en función das horas traballadas, dada a similitude das súas funcións coas correspondentes aos condutores de alcaldía. Inclúese declaracións xuradas dos funcionarios D Jose Luis Perez Costas e D Juan Pablo Alonso Rodriguez do número de horas realizadas no período comprendido entre o 1 de xullo ao 30 de setembro de 2008.

Os devengos retributivos en concepto de produtividade e gratificacións forman parte das retribucións complementarias dos funcionarios públicos, como así recolle a Lei 7/2007, do 12 de abril do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007) no seu artigo 24. Dado que o novo réxime retributivo deseñado na devandita norma xurídica non entrará en vigor ata a o desenvolvemento lexislativo posterior consonte á Disposición Final Cuarta da mesma norma, e vista a derogación expresa que do artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, efectúa a Disposición Derogatoria Única, apartado b), debe acudir ao preceptuado no artigo 28.Un.apartado E) da Lei 51/2007, do 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2008, que define e precisa o contido e alcance do complemento de produtividade.

De conformidade co disposto no artigo 5 do R.D. 861/86, de 25 de abril, polo que se regula o réxime de retribucións dos funcionarios da Administración local, o complemento de produtividade está destinado a retribuí-lo especial rendemento, actividade extraordinaria, e o interese e iniciativa coa que o funcionario desenvolve o seu traballo.

A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ó mesmo, sen que en ningún caso as contías asignadas por dito complemento devenguen ningún tipo de dereito individual verbo das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

As cantidades que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación coma dos representantes sindicais.

Corresponde ó Alcalde-Presidente da Corporación a distribución do complemento de produtividade entre os diferentes programas ou áreas e a asignación individual do complemento de produtividade, con suxección ós criterios que, de se-lo caso, teña establecido o Pleno, sen prexuízo das delegacións que teña conferidas con arranxo ó establecido na Lei 7/ 85, de 2 de abril.

Na actualidade, a facultade de asignación individual deste complemento retributivo atópase delegada na Xunta de Goberno Local.

A este respecto, as vixentes instrucións sobre plantilla e relación de postos de traballo, en concreto a citada instrucción 3ª j), establece que "con cargo ó complemento de produtividade aboarase o especial rendemento e dedicación e a actividade extraordinaria pola plena dispoñibilidade que se lle esixe ó persoal que presta servizos como Conductor da Alcaldía, en función das horas traballadas a establecer pola Comisión municipal de Goberno, condicionado, en todo caso, ó informe previo do servizo da Alcaldía, acreditativo da especial dedicación".

O abono efectuarase en función dos días realmente traballados, excluíndose, polo tanto, as baixas por enfermidade ou accidente e as vacacións. Non obstante, consideraránse como traballados os períodos de baixas por accidente de traballo e enfermidade profesional e, os correspondentes a permisos e licencias contidos no acordo regulador de condicións económicas e sociais do persoal ó servizo da Corporación, sempre que a produtividade conte con periodicidade e non se autorice día a día.

A asignación destes complementos retributivos requerirá consignación previa do gasto por parte da Intervención Xeral, así como a ulterior publicación do acordo no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello para coñecemento dos demais traballadores.

En consecuencia, e acreditado o número de horas de prestación de servicios, considerase oportuno recompensar este meritorio rendemento e dedicación permanente, a través dun complemento de produtividade que en certa medida compense o esforzo e dedicación que se lle ven esixindo ós traballadores afectados.

